



A lingua e a literatura galega nos Séculos Escuros

Lingua galega e
literatura 3º ESO

Índice

1. Introducción
2. Contexto histórico
3. A lingua galega nos Séculos Escuros
4. A literatura galega nos Séculos Escuros
5. O Século das Luces (Século XVIII)



1. Introducción



Esplendor Medieval

- Normalización da lingua galega
- Importante escola trobadoresca
- Poder político de Galicia
- Estabilidade económica

Séculos Escuros

- Marxinación social da lingua galega
- Ausencia de literatura culta escrita en galego
- Marxinación política de Galicia
- Empobrecemento económico

Rexurdimento




Chamamos **Séculos Escuros** ao período histórico que vai dos **séculos XVI ao XVIII**. A lingua galega deixa de escribirse e, pouco a pouco, tamén deixa de falarse polas clases altas. Esta decadencia da nosa lingua está relacionada coa situación sociopolítica de Galicia, cada vez máis empobrecida e menos poderosa na Coroa de Castela.

2. Contexto histórico

A finais do século XV prodúcese unha serie de acontecementos que van marcar profundamente o futuro de Galicia: as Revoltas Irmandiñas e a loita pola Coroa de Castela entre Dona Xoana e Isabel a Católica.



As Revoltas Irmandiñas



Dona Xoana e Dona Isabel

2. Contexto histórico

2.1. As Revoltas Irmandiñas

Na segunda metade do século XV, burgueses e campesiños galegos vanse levantar e loitar contra a nobreza e os seus abusos de poder. Esta rebelión social coñécese como Revolta Irmandiña e foi quizais a maior revolta europea do século XV.

- **1ª Guerra Irmandiña** → 1431
- **Gran Guerra Irmandiña** → 1467



2. Contexto histórico

2.1. As Revoltas Irmandiñas

1ª Guerra Irmandiña

A Primeira Guerra Irmandiña ten lugar en 1431, cando a chamada Irmandade Fusquenlla, integrada por burgueses e labregos, se levanta nas terras de Betanzos e Pontedeume contra os abusos dos Andrade.



Castelos de Moeche e de Pontedeume, propiedades dos Andrade

*Cadaleito de Nuno Freire de
Andrade, O Mao*

2. Contexto histórico

2.1. As Revoltas Irmandiñas

Grandes Revoltas Irmandiñas

En 1467, campesiños e burgueses crean a **Irmandade Xeral do Reino de Galicia** e a revolta irmandiña expándese por todo o territorio galego. Os irmandiños derruban os castelos e fortalezas, como símbolos da inxustiza señorial. Mentres tanto, os nobres foxen a Castela ou a Portugal. Na primavera de 1469, a nobreza, encabezada por **Pedro Madruga**, contraataca e derrota os irmandiños, poñendo fin á revolta.



2. Contexto histórico

2.2. A loita entre Dona Xoana e Dona Isabel pola Coroa de Castela

Despois da morte do rei **Henrique IV**, o trono de Castela dispútase entre Dona Xoana e Isabel a Católica:



Dona Xoana

Era filla de Henrique IV e, polo tanto, a herdeira lexítima da Coroa.

VS.



Isabel a Católica


Era medio irmá de Henrique IV . Estaba casada con Fernando de Aragón.

2. Contexto histórico

2.2. A loita entre Dona Xoana e Dona Isabel pola Coroa de Castela

Nesta loita dinástica, a maior parte da **nobreza galega apoiou a Dona Xoana.**

Non obstante, **a vencedora foi Isabel a Católica.**



2. Contexto histórico

2.2. A loita entre Dona Xoana e Dona Isabel pola Coroa de Castela

- Cando os **Reis Católicos** entran no trono, toman **represalias** contra a nobreza rebelde de Galicia, someténdoa, quitándolle o seu poder e, en moitos casos, substituíndoa por nobres de fóra, chegados de Castela. Un bo exemplo é a figura de **Pardo de Cela**, que foi executado pola súa oposición aos Reis Católicos.
- A elite social que os Reis Católicos traen de Castela introduce en Galicia a súa lingua: **o castelán**.




Os Reis Católicos



*O mariscal **Pardo de Cela**, nobre galego condenado á morte por opoñerse aos Reis Católicos*

3. A lingua galega nos Séculos Escuros

- Coa entrada da nobreza castelá en Galicia, **rómpe-se a homoxeneidade lingüística** que ata entón había en Galicia. Lembremos que ata este momento o galego fora unha lingua normalizada, falada por todas as clases sociais e empregada na escrita.
- A partir do século XVI, as clases sociais altas xa non falan galego, senón castelán. Ademais, estas clases poderosas impoñen tamén o castelán como lingua, oral e escrita, da Administración, da Igrexa e da Educación.



3. A lingua galega nos Séculos Escuros

Nos Séculos Escuros vívese unha situación de **DIGLOSIA** caracterizada do seguinte xeito:

Galego	Castelán
<p>Lingua maioritaria</p> <p>Continúa a ser a lingua habitual da inmensa maioría da poboación (arredor do 90 / 95%)</p>	<p>Lingua minoritaria</p> <p>Só é a lingua das capas máis altas da sociedade (nobreza, alto clero...), que representann unha porcentaxe moi baixa da poboación</p>
<p>Lingua minorizada / dominada</p> <p>O galego deixa de empregarse nos textos escritos e apártase tamén de calquera ámbito social elevado. É unha lingua minusvalorada socialmente.</p>	<p>Lingua de prestixio / dominante</p> <p>É a lingua dos textos escritos e a lingua empregada polas clases dominantes e nos ámbitos elevados (Administración, Igrexa, ...)</p>

3. A lingua galega nos Séculos Escuros

- Por outra banda, nos Séculos Escuros xorden os prexuízos lingüísticos contra a lingua galega, relacionados á súa vez coa **imaxe despectiva** que se tiña de Galicia e dos seus habitantes.
- Como consecuencia da marxinación política e da pobreza en que vivía a maior parte da poboación galega, ao longo desta época nace unha **imaxe do galego como un pobo mísero, atrasado, inculto e carente de calquera virtude**, así como unha **visión de Galicia como unha terra inhóspita e fea**.



*¡Oh montaña de Galicia
Cuya, por decir verdad,
hermosura es suciedad,
cuya maleza es malicia...*

Góngora



*Galicia en España es tenuta por
ruda, pobre, bárbara y remota,
poco favorecida de Naturaleza,
fea, con montes y áspera.*


Quevedo

Refraneiro:

- *No fíes en perro que cojea ni en amor de gallega*
- *Ruin como gallego*
- *Ni perro negro, ni mozo gallego*
- *Antes puto que gallego*
- *Antes moro que gallego.*

3. A lingua galega nos Séculos Escuros

Esta imaxe de Galiza e do pobo galego amplíase tamén á lingua, nacendo fortes **prexuízos lingüísticos** que mesmo perduran até os nosos días:



4. A literatura galega nos Séculos Escuros

- Durante os Séculos Escuros, o galego deixou de escribirse, polo que apenas conservamos textos literarios escritos en galego.
- Así pois, a literatura que houbo durante esta etapa foi case exclusivamente **literatura popular oral**, creada e transmitida oralmente polo pobo: lendas, contos, cantigas, adiviñas...
- Con todo, tamén conservamos **algúns textos escritos** en galego coma os que veremos a continuación.



Literatura galega nos Séculos Escuros



Literatura oral

Contos, lendas, cantigas, adiviñas...



Literatura escrita

O pranto da Frouseira

Sonetos pola raíña Margarida de Austria

Coplas sobre o saqueo de Cangas

Décimas ao Apóstolo Santiago

4. A literatura galega nos Séculos Escuros

A. O pranto da Frouseira

No texto poético *O pranto da Frouseira* recréase o tema da morte do **mariscal Pardo de Cela**, executado en Mondoñedo pola súa rebeldía cara ao poder dos Reis Católicos. A **Fortaleza da Frouseira** (onde o mariscal resistiu durante máis de tres anos) laméntase da sorte final que corre Pardo de Cela.



A Fortaleza da Frouseira, no concello de Foz (Lugo)



Pardo de Cela

4. A literatura galega nos Séculos Escuros

B. Sonetos pola raíña Margarida de Austria

Consérvanse algúns sonetos renacentistas escritos en galego con motivo da morte da raíña **Margarida de Austria** (século XVII). De entre estes sonetos destacamos un de **Pedro Vázquez de Neira**, titulado “**Respice finem**”.



Margarida de Austria e o seu can

4. A literatura galega nos Séculos Escuros

C. Coplas sobre o saqueo de Cangas polos turcos

Descríbense nestas coplas anónimas a angustia e o pánico dos habitantes de Cangas (Pontevedra), cando a vila foi atacada por unha escuadra de piratas turcos no 1617.



A vila pontevedresa de Cangas do Morrazo

4. A literatura galega nos Séculos Escuros

D. Décimas ao Apóstolo Santiago


As “Décimas ao Apóstolo Santiago” foron escritas a comezos do século XVII polo cura **Martín Torrado**, para criticar con humor o intento de nomear a Teresa de Ávila copatroa de España, ao mesmo nivel que o Apóstolo Santiago.



A figura do apóstolo na Catedral de Santiago de Compostela

5. O Século das Luces (s. XVIII)

- No século XVIII, coñecido coma o Século das Luces, desenvólvese en Europa un movemento cultural e intelectual que coñecemos como a **Ilustración**.
- En **Galicia**, un grupo de intelectuais ilustrados vanse preocupar pola pobreza e atraso do país e promover medidas para combater esta situación: reformar a agricultura, mellorar as leis, cambiar os métodos educativos...
- De entre os Ilustrados galegos, destacamos as figuras do **Padre Feixoo** e do **Padre Sarmiento**, dous monxes que tamén se preocuparon pola **situación da lingua galega**.



5. O Século das Luces (s. XVIII)

O Padre Feixoo

Demostrou que o galego non era un dialecto do castelán (como moitos pensaban naquela época), senón unha lingua románica, irmá do portugués.



O Padre Sarmiento

Defendeu o uso do galego na Educación, na Igrexa e na Administración. Tamén foi un grande estudoso da lingua galega, especialmente do léxico.





Vincent Van Gogh - *Noite estrelada sobre o Ródano*